



NAI E SOLTEIRA NA VIDA: A ILEXITIMIDADE NO AGRO GALEGO

Susana de la Gala González
Universidade de Santiago de Compostela

Introducción

Nesta comunicación, defenderei unha tese forte. En Galiza non existe nin existiu matriarcado, independentemente das pautas de filiación ou as preferencias hereditarias das bisbarras que cheguei a coñecer de primeira man¹. O que si existe, e existiu dende hai séculos, foi un matricentrismo condicionado por circunstancias que escapan das esforzadas mans das casas labregas. Un matricentrismo implicitamente pactado e duramente traballado².

Non hai poesía nin romanticismo ningún no duro destino nas nosas mulleres galaicas. Foron elas as que sementaron o futuro da terra, da fala e dos costumes. Pero, a qué prezo... Ademais, foi un esforzo sen case recompensas. Antes, porque un pobo do que marchan os homes nunca poderá saír dun presente precario. Agora, porque un pobo do que marchan as mulleres nunca poderá saír do presente, porque carece de futuro.

A reprodución social do agro galego está francamente comprometida, pola ausencia de mulleres e pola baixa natalidade. Claro que hai bisbarras rurais que medran, ou polo menos se manteñen. Pero os pobos do rural teñen tamén outras loitas:

- a loita contra a escuridade dos textos administrativos que regulan as subvencións;
- a loita contra o clientelismo que nutre de postos de traballo a moitos concellos e que reproduce vellos esquemas, en vez de primar a iniciativa e o traballo;
- e a loita contra os muíños de vento que son a globalización e as directrices da Unión Europea.

¹ Fixen traballo de campo no concello de Quiroga (sur de Lugo), no concello de Viana do Bolo (le este de Ourense) e no concello de Mazaricos (noroeste da Coruña)

² Fíxoseme notar despois da exposición a escasa evidencia desta afirmación. Refírome á submisión das labregas aos criterios dos seus homes, por máis que elas amañasen as cousas, porque dependían na meirande parte dos casos do talante e da aprobación dos seus homes.

Por outra banda, o berro de *nunca máis*, que colorea dende hai sete meses as fiestras das nosas cidades e das vilas mariñeiras, non semella ter calado no agro galego. ¿Que impide aos nosos labregos e labregas berrar contra a iniquidade dos de sempre, ou dos novos nomes que se insiren nas mesmas estruturas caducas de sempre? ¿Que impide o simple feito de se expresar contra eses que andan a vender promesas intanxibles agochados baixo unha boina?

Xa dicía Lamas Carvajal, ese loitador da palabra impresa, que o cacique é o demo, por máis que se disfrace de labrego. O caso é: o noso campesiñado non é parvo, pero tende a entregar a súa confianza a quen ostenta o poder. Despois, discursos acesos na intimidade da casa descubren os desenganos e as mentiras³. Resultando que, cando algo se agocha no doméstico, perde relevancia política. Pero o doméstico é tamén político⁴.

A continuación, farei dúas exposicións centrais. Primeiro, falarei das ansiedades características da nosa cultura do rural. Despois, exporei unha análise que semella dabondo funcional-estructuralista, por máis que non fose a miña intención⁵. Nela, fálase dos nichos simbólicos que definen a estrutura social do campesiñado. No terceiro apartado, relaciono falta de ilusións e tradición clientelar, para explicar a falta de folgos en tomar iniciativas empresariais por parte das casas rurais. Remato suxerindo que a Xunta de Galicia conceda subvencións ás solteiras procedentes do rural que teñan fillos en Galiza.

1. As ansiedades: o viño, o *qué dirán*, o patrón, o fillo

As ansiedades da nosa cultura réxense por condicionantes de xénero. O *locus* onde se dirimen as ansiedades masculinas é a taberna. Pero a taberna non representa o conxunto da parroquia ou aldea. Representa unicamente certo tipo de relacións sociais: as que, descontextualizadas do seu valor local, se vinculan mediante o viño e a sociabilidade.

O símbolo da comunidade carece dun espacio concreto. O *qué dirán* é ese espírito colectivo que mora en ningures e pertence a todas partes. Este ente intanxible crea mais ansiedade da que xeraría a visión da Santa Compañía nunha noite chuviosa de inverno. A posibilidade de padecer xuízos alleos arrepiá ao home ou á muller mais calma.

O *qué dirán* pon en marcha unha serie case ilimitada de recursos simbólicos. É, por iso, ese espello imaxinario onde se reflicte o grupo social en ocasións transcendentales. Ante calquera decisión, o imaxinario colectivo crea opcións improbables e destinos inexorables. O fatalismo percorre esta visión cínica da realidade social.

Pero este ente intanxible ten máis incidencia en certos tipos de persoas ca noutros. O *qué dirán* pode servir de lexitimación simbólica a unha muller que

³ O doméstico constitúe o elemento indispensable para a sociedade rural. O *locus* doméstico permite a expresión de diversidade de opinións. Pero a *casa* remata a pechar filas fronte ao exterior, aportando unha definición homoxénea da situación. As ansiedades da casa serán mencionadas noutro lugar.

⁴ Que o persoal é político foi o lema de moitas manifestacións feministas dos '60.

⁵ Na exposición oral desta comunicación incluíu unha autobiografía intelectual e moral que suprimín da versión impresa. Referínme daquelas á formación funcional-estructuralista recibida e ao moito que agora rexeito este proceder. Ironiceei sobre a necesidade dun bo cura para me confesar deste "pecado".

veu casar dende outra parroquia. Ou pode ser un arma perigosa en mans do patrón da casa. Ou pode ser utilizado como argumento por un irmán solteiro fronte a unha herdeira.

As ideoloxías que definen o espírito comunitario son versátiles e acomodaticias. Pero quen utiliza estes argumentos ideolóxicos non peca de inxenuidade. É polo xeral recoñecido que cada quen arrima a ascua á súa sardiña. As decisións tómanse tras ponderadas medicións simbólicas do que se di, en función do valor social de quen o di, e de cómo o di.

Esta negociación simbólica dos discursos é imposible de imaxinar cando se invoca ao patrón. O patrón pode ser, ou o amo dos xornaleiros, ou o xefe da casa. Pero o patrón ten sempre a última palabra. A autoridade establécese por criterios coma a cantidade e calidade dos bens posuídos, a idade, a xustiza das opinións, e os traballos feitos a prol da casa.

As opinións das mulleres tampouco teñen un *locus* preciso. Son case sempre elas as que poñen en marcha o mecanismo das valoracións comunitarias. Son elas tamén as que máis padecen os efectos perniciosos desa consciencia colectiva. E son elas as que máis leña botan no lume onde xermola o valor simbólico da casa.

Tristemente, as conversas entre mulleres tenden a incidir na escaseza de patróns que o foran porque o mereceran. Aquel home mallaba na súa muller; aquel outro bebía moito e gastaba na taberna; o de tal casa marchou a América e non se volveu saber del; o da outra fixo cartos na emigración e fixo alí vida; e o resto –demasiados– son folgazáns.

Quizais por esa falta de homes que valan o nome que levan, quizais por esa sensación de carencia profunda, as mulleres rurais desexan e miman ese fillo que rematará por dar prestixio á casa. O fillo desexado, sexa dun pai patrón ou dun pai feble e covarde, o fillo-home no que podes confiar, é a salvación despois de sufrir a un pai-neno sen folgos para traballar.

Porque os homes, eses homes que conversan e soñan á beira do viño na taberna, o home común que habita nas fronteiras do coñecido, “non val para nada”. Din as mulleres que tal home non val para traballar, que tal outro está enfermo, que o de máis alá está tolo. Descontando os homes preguizosos, poucos son os que valen para casar cunha labrega.

Os pais das nosas velliñas de hoxe, aló por 1900, tiñan moi clara esta carencia de homes-homes. Moitos que eran bos labregos marcharon para América⁶, pero só algúns destes volvían despois para casar. Moitos dos que emigraron, non eran bos labregos, e tiñan poucas probabilidades de casar⁷, agás que volveran “ricos”.

As decisións matrimoniais xeraban no rural, durante a primeira metade do século XX, máis ansiedade da que causan hoxe en día. Eran demasiado decisivas para o futuro da casa. Moitas veces, o pai e a nai enfrontábanse entre si por unha destas deliberacións. Moitas outras, a filla casadeira tentaba

⁶ É coñecido o forte continxente masculino que emigrou a América, superior con moito ao de mulleres. A emigración a Centroeuropa foi máis parella, en parte porque moitos matrimonios decidiron estar alí xuntos. Respecto da conexión entre emigración e ilexitimidade (e natalidade), moitos homes que marcharon a América deixaron aquí fillos sen recoñecer, ou ben marchaban, para ver si aforraban para facer unha casa aquí e casar coa nai dos seus fillos.

⁷ É coñecido que a soltaría masculina era moi elevada tradicionalmente, coincidindo precisamente coas décadas en que máis importante foi a ilexitimidade no noso agro, e tamén con importantes perdas de varóns na emigración. En Mazaricos foi detectada a emigración duns 500 homes de entre 17 e 20 anos a principios do século XX (os meus propios datos).

condicionar o resultado positivo da mesma.

Estas mulleres arriscadas, que tomaban decisións por si mesmas, víanse moitas veces na situación de ter que recoñecer que quedaran embarazada. Outros embarazos eran menos desexables aínda: eran “amores de xesta”, indicando que unha labrega podía quedar embarazada por intencionado desexo propio, pero non debía ser das que se van con calquera. En teoría, só ás xornaleiras pobres se lles toleraba quedar embarazadas nas xestas. As labregas que se deixaban namorar nas xestas tiñan que marchar de amas de cría, ou de criadas, o mais lonxe que puideran. As labregas que se arriscaron a quedar embarazadas buscando un casamento, aínda que improbable, eran menos censuradas cás anteriores, porque non eran “amores de xesta”.

Eu diría que a ansiedade mais común das mulleres labregas era facer un mal casamento. Era preferible quedar embarazada, pois polo menos conseguían o desexado fillo. Pero, de quen ter o fillo, e en qué contexto, era unha decisión relevante. O pai dese fillo non debía ser calquera, se esa muller quería ser considerada unha labrega. Ai das xornaleiras pobres, que non tiñan moito onde elixir! En troques, ás labregas esixía selles mais entendemento de con quen concibir. As nosas boas tiñan moi claro, en calquera caso, que o fillo fai a casa, e desexaban tanto ese fillo...

2. As ilusións: o conto da leiteira

As ilusións da nosa cultura rural foron indirectamente aludidas no apartado anterior. A calidade das terras e dos froitos do traballo; a extensión das fincas e das propiedades adscritas á casa; a bonhomía do patrón e dos homes da casa; esa ansia de prosperar na vida; ou ese desexo feminino por ter casa propia, con ou sen homes....

A lista das ilusións rurais é case infinita. Pero, como todo na Galiza, a cousa vai por parroquias. E por xéneros. As ilusións masculinas tendían a ser un cacho escapistas, mentres que as ilusións femininas tendían a ser tanxibles e cuantificables. Moitas labregas eran mais “homes” cos seus homes. E as que non os tiñan na casa, eran “homes” a certos efectos.

Concretando, vou distinguir entre homes de casas de xornaleiros, homes de casas labregas, homes de casas boas, e “ricos” a secas. Igualmente, falarei de mulleres xornaleiras, de mulleres labregas, de mulleres de casas boas, e de “ricas” a secas. Isto non quere dicir que eu acepte esa ruda distinción. Pola contra, os discursos locais son mais complexos. Así que estamos a falar de comportamentos típicos. E de nichos simbólicos. Pero non de persoas concretas, porque os labregos e as labregas establecen distincións personalizadas. Un xornaleiro pode ter máis bonhomía ca un herdeiro, cóntanse casos en que así foi. Algunha “rica” houbo que superou en calidades a moitas labregas.

Comecemos. Un home solteiro de casa de xornaleiros non debería aspirar a casar. De feito, hai refráns que inciden en que o home pobre que casa cunha muller pobre terá moitos fillos e pasará fame. Este é o único casamento que se explica “polo amor que se tiñan, porque era a loucura deles casar”.

O pobre, se casaba, podía pasar a pobre de pedir. Así que o xornaleiro solteiro podía casar ou non casar. Pero, concibir, concibía fillos. Eses fillos pertencían á casa da muller. Moitas veces, ese home e esa muller eran unha parella, no sentido moderno do termo. Tiñan que vivir na casa dos pais, e ir traballar polo xornal: eran familia, pero non unidade doméstica. Nalgúns casos, casaban de vellos.

O home casado dunha casa de xornaleiros foi a auténtica vítima *visible* dun sistema social baseado na desigualdade e no paternalismo dos poderosos. Eses homes que na amencida se reunían na praza do pobo a suplicar un xornal. Eses homes que volvían do traballo asoballados pola inxustiza do patrón e gastaban os cartiños en viño. Eses homes que destilaban alcohol mentres soñaban con outros mundos, que non están neste. Eses homes que oían a verba “América” e vían o futuro do que carecían na terra galega. Eses homes que, ao chegar a casa, entraban pola porta desvencellada e ollaban aos fillos e á muller, e víanse pobres coma as ratas, e seguían a fuxir da realidade, tentando convencer á muller do bo que sería para todos que el emigrara... E dicían, máis ou menos:

Eu tería que mandar cartos para devolver o empréstimo do “rico”, e mandaría cartos para mercar máis terras, e un bo carro, e un boi recio para guialo, e un porquiño para matar, e quen sabe se a casa chegaría a ter unha vaca, e esa vaca daría tenreiros, e eses tenreiros darían para pagar a contribución...

Os xornaleiros pobres eran tan pobres que só desexaban o que tiña, daquelas, calquera labrego que puidera chamarse labrego. Aspiraba a labrego común. Pero os labregos do común aspiraban a máis. Aspiraban a facer bos tratos na feira e sacarlle uns cartiños ao tenreiro, ou mercar unha boa vaca. E aspiraban a ter mais terras para facer máis pan, e dous porquiños.

Entre estas casas de labregos houbo homes emprendedores. Deste segmento poboacional saíron emigrantes traballadores que mandaban cartos. Non era unha situación idílica, pero os cartos permitían mellorar. Ser labrego era o símbolo dunha forma de vida e dunha cultura. De feito, o discurso que estou a presentar foi deseñado por casas de labregos.

Así que os labregos tiñan moito que perder cos casamentos por amor. Se os patróns da casa renunciaban a amañar os casamentos, se permitían un único casamento por amor, entón, a casa no seu conxunto perdía. Esta perda era, moitas veces, unicamente simbólica: unha posibilidade frustrada para a casa de ser realmente o que a casa di que é.

Outro nivel. O patrón dunha casa boa tiña de labrego o nome. O patrón era un home sempre preocupado polas inxedanzas políticas dalgún grupo de poder. Este labrego *de primeira*, se o tiveramos que definir, equivalería aos “novos ricos” de agora. Este home frecuentaba os contubernios municipais, e moitas veces acadaba algún posto no concello. Este labrego de primeira era o aprendiz de cacique: acompañábao, agasallábao, respectábao, amosábao fidelidade. Poucas veces chegou a cacique. Moitas máis foi vítima das represalias do bando contrario. As contribucións rústica, urbana e industrial eran manipuladas polo bando que ocupara o poder, en función das políticas provinciais e estatais.

A dependencia do campesiñado galego respecto das políticas provinciais e estatais debeu condicionar a fonda raizame, no rural galego, dese estilo clientelar que coñecemos por caciquismo. O “rico” era “o demo”. Un demo pequeniño, pero era o *patrón*: o único e xenuíno dono de vidas e facendas.

Polo que respecta ás mulleres do rural, estas eran, no seu conxunto, a parte máis feble do sistema. Dun sistema patriarcal a duras penas, dado que elas perpetuaron os valores e os costumes que lles haberían de *favorecer*⁸ co tempo. As *invisibles* labregas foron o xermolo do pouco que se podía facer naquelas circunstancias. Pero, ¿a que prezo?

As mulleres xornaleiras aspiraban a ter un fillo que aportara man de obra, e un nome de home para a casa. Aspiraban a fundar unha casa que puidera perpetuarse no tempo. Con ese fillo, os traballos e os días aportarían posibilidades que non eran tais para unha muller soa. O vello sistema rural *forzaba*⁹ á ilexitimidade, para lexitimar o status indefinido da muller soa.

As labregas padecían un destino algo diferente. Tiñan un aquel de muller eficiente, como de quen se aprecia a se mesma. A condición de labrega podía asignarse a unha muller casada ou solteira indistintamente. O traballiño que custaba acadar ese status era o mesmo nos dous casos. As labregas erguíanse cedo para prender o lume e poñer a ferver as potas para o gando e as persoas. Facían a súa parte e desaparecían para muxir as vacas. Despois, andaban polas leiras a apañar o que fora. Ou a axudar a uns veciños. Ou a partir leña. A mediodía, as labregas tiñan a mañá traballada e volvían á casa. Así hasta a noite.

As ilusións das labregas eran pragmáticas. Moitas veces coidaban dos vellos da casa, encamados durante anos. Tomaban este destino con profesionalidade, porque estes tíos solteiros deixarían terras á casa. Todos os traballos, os asumían por mor da casa. E calculaban, e tomaban decisións importantes.

Das labregas de casa boa non se falaba ben polo xeral. Eran chamadas “señoritas”, con ese dobre sentido de “aspirar e non poder” e de “privilexiadas”. Desta caste saían moitas mulleres solteiras para toda a vida, pero sen descendencia. Non se lles vía traballar na terra. Por iso, non podían aspirar a casar cun labrego, e os homes ricos as vían como pouca cousa.

A mulleres “ricas” non debían ser tan malas como as pintan. Repartían potas de caldo entre os pobres de pedir. Falaban ao patrón do moito que certa familia precisaba de xornais. Ou, se a rica era ela, e non o home, levaban os seus traballos en organizar, e ademais traballaban. As que eu coñecín tiñan un aquel de bondade nos ollos cansados pola vellez.

Moitas casas boas e ricas pasaron a ser, a día de hoxe, casas de labregos do común. E moitas casas de labregos ocuparon o lugar simbólico daquelas. O noso campesiñado cambiou moito no século XX, pero mantivo eses nichos simbólicos activos ata hoxe. As ilusións de hoxe non son tan distintas das do campesiñado de fai un século.

⁸ A ironía é que, o mesmo que favoreceu á posición estrutural das mulleres na sociedade rural, foi o que as impulsou a emigrar. A emigración das mulleres do rural cara ás cidades está a esnaquizar a reprodución social do agro galego. Perdido o dinamismo demográfico no rural, as mulleres rachan cun sistema que prioriza a natalidade e adoptan unha cultura “urbana” que prioriza a maximización dos recursos fronte á natalidade.

⁹ Esta idea é coherente no conxunto do escrito, aínda que é tamén dabondo forte.

3. As contradicións dos discursos e dos tempos

O discurso etnográfico que recollín co paso dos anos coincide case textualmente co ata aquí exposto. As ambigüidades das afirmacións solucionáronse no contexto: os sorrisos doutros membros da casa, as aclaracións fabricadas para a ignorante etnógrafa, e outras fontes para analizar o mesmo feito, eran criterios para entender mais alá do que se dicía.

Pero este discurso é androcéntrico. Androcéntrico, malia ter sido recollido de homes e mulleres indistintamente. 1) Porque as mulleres tiñan sempre que adaptar ben a un pai, a un tío, a un home.... 2) Porque só se non había homes na casa podían acadar autonomía. 3) Por ter sido deseñado en función de criterios androcéntricos.

A invisibilidade das mulleres é unha invisibilidade relativa. Primeiro, porque os censos rexistran meirande número de mulleres ca de homes no século XX. Ademais, porque a presenza das mulleres nas fincas de traballo foi sempre dominante. Pero tamén, porque en moitos casos atopei coa negativa de mulleres a seren entrevistadas, preferindo que o fora o seu home.

Os refráns referendan esta tendencia cara á invisibilidade. Pero tamén confirman a relatividade da mesma. En calquera caso, a falta de homes facía deste protagonismo agochado un feito cruel, habida conta da ideoloxía patriarcal que inspirou a emigración de máis homes ca mulleres a América.

No presente apartado, defendo que *foi esta invisibilidade relativa a que estaba a forzar a ilexitimidade*. Só mediante un embarazo mais ou menos intencionado podía unha muller, no mellor dos casos, deixar de ser invisible para a comunidade. Ese fillo aportaba a posibilidade de fundar unha casa, ademais de que poucas cousas haberá tan difíciles de ocultar coma un embarazo, e máis nunha muller solteira.

A ilexitimidade permitiu manter taxas de natalidade altas¹⁰. Ela foi tamén responsable de manter a vitalidade das relacións sociais, evitando que estas se estancaran nos nichos simbólicos antes mencionados. Pero, para cando a ilexitimidade desapareceu, baixou tanto a natalidade, que houbera sido preferible manter este vello costume galaico.

¿Por que desapareceu a ilexitimidade? Posiblemente, polo mesmo que baixou natalidade. Por factores sociais e culturais, claro. Pero, sobe todo, por falta de futuro no agro galego. Porque, mentres houbo algo que manter, as mulleres o mantiveron. Agora que a globalización dificulta máis este futuro, e as terras valen pouco, as mulleres marchan.

Por baixo desta falta de futuro, escoitei moitas veces ese cantar de sirenas, ese “esto non é vida”, que vén sendo o xermolo do despoboamento, xunto coa baixa natalidade. Porque nos pobos, dise, só quedan os vellos. Resultando que a única forza capaz de erguer un pobo, as mulleres e os homes da casa, non queren quedar nela.

Si fixeramos un balance de perdas e ganancias para o xénero feminino do rural galego, semella obvio que este balance viña sendo negativo dende hai décadas. As mulleres da nosa cultura non foron ben tratadas, e tiveron que conquistar o pouco ou moito que acadaran. E por iso aínda agora marchan do agro.

¹⁰ Fíxoseme notar tras a exposición da comunicación a escasa evidencia desta afirmación. Sinaléi antes que moitos homes que emigraron a América deixaron fillos en Galiza. A emigración masculina foi demasiado importante para non ter que ver dalgún xeito coa ilexitimidade. O sorprendente foi que se mantiveron altas taxas de natalidade grazas á

Sexamos francos. A misoxinia dos curas e dos caciques rurais, xunto coa pobreza que arredou homes valiosos fóra do noso agro, son os responsables de que as mulleres non foran máis valoradas do que o foron na cultura tradicional. Con estes antecedentes, ¿que pode augurar o presente?

Claro que iniciativas como as xa numerosas asociacións de mulleres labregas, ou o traballo etnográfico de mulleres universitarias a prol dun mellor coñecemento do seu pasado, e moitas outras, a fomentar polas administracións públicas nalgúns casos, poden axudar a frear este proceso. Pero non a evitalo.

O sector primario padece unha crise global, porque globais son as circunstancias que o limitan. O campesiñado non coñece ben, polo xeral, a utilidade da informática para a xestión dunha explotación, por pequena que sexa. Cunha inversión pequena, poderían ademais conectarse a internet e ofrecer os seus produtos mediante puxas, por exemplo. Si, xa sei. Os carros non son o mesmo cós tractores, e internet non é igual ca unha feira de gando. Pero son posibilidades. O que falta é espírito emprendedor no sentido capitalista. Pero claro, os labregos son campesiños, e non altos executivos formados en Oxford. Quizais as novas xeracións suplan este lapso. Se estas novas xeracións naceran.

Creo eu que non viría mal restaurar os vellos cineclubs e dotalos de liña ADSL, un par de ordenadores, e uns poucos manuais sinxelos de introducción á informática. Nin dar cursiños de informática a quen o solicite. Só que estes coñecementos en novas tecnoloxías quizais non ficarían no pobo. A fuga de cerebros non sería estraña, pois quizais sexa certo o tópico e sexamos un pobo emigrante.

Non farei propostas macro-estructurais. O diagnóstico pode ser correcto, sen ter por iso que saber como atallar o mal. O fundamental para a curación é, diría eu, algo tan vello coma a humanidade: as ilusións. E esas ilusións, ¿u-la están no agro galego? Pola contra, semella haber menos ilusións ca antes. ¡Pois busquemos outras! Nembargantes, moitas mulleres do rural sofren hoxe en día depresións.

E, ¿que foi –preguntará algún dos presentes– daquelas subvencións ofrecidas para crear casas de turismo rural, seguindo o modelo catalán? Paréceme a min que, entre o clientelismo secular do rural galego e as depresións que padecen as nosas labregas, estamos a perder a nosa cultura. Digo isto porque, se ben é certo que se crearon casas de turismo rural, aínda que non todas funcionan con criterios empresariais, o problema é outro: que apoios tiveron as casas de turismo rural que se fixeron, e que atrancos atoparán as que se queiran establecer.

As casas de turismo rural, a potenciación da gastronomía propia, as denominacións de orixe, e calquera cambio introducido ou inducido no rural galego semella, quizais polo que remato de subliñar, non ter boa acollida nas aldeas. En troques, nos mercados internacionais, as marcas galegas véndense ben. O que nos leva de novo a unha cuestión de ilusións.

O fatalismo galaico posiblemente desaparecería se desaparecera o caciquismo. Só que este semella non querer irse das nosas vidas, atenzando as poucas iniciativas que prosperan. Galiza precisa dun cambio político, que non aconteceu nas eleccións municipais de hai uns días. Esta falta de reacción política transmite pesimismo.

Non teño bola de cristal (aínda que din que sei botar o tarot galego de Sargadelos). Nin estou protexida de encantamentos tan poderosos como o que vive o agro galego. Entre o pouco que sei, estou certa, nembargantes, sobre que Galiza non precisa musealizarse, como están a facer algúns particulares e moitas institucións.

Os antropólogos podemos facer moitas cousas. Algunhas das que se poden facer están xa a se executar. Pero precisamos dunha licenciatura de Antropoloxía, para que ducias de profesionais dinamicen as institucións e a cultura do rural¹¹. Pero segue a faltar algo. O que falta no agro galego, por mais antropólogos aplicados que houbera nos concellos e nas restantes administracións, segue a ser natalidade. E iso está nas mans das mesmas institucións que están a frear a implantación dunha titulación en Antropoloxía nalgunha das tres universidades galegas.

Por outra banda, os cartos que farían falta para dinamizar o agro galego son os mesmos cartos que non semella haber no sector industrial, agás unhas cantas firmas. Non hai burguesía industrial; non hai reciclaxe dos empresarios; en moitos casos, non hai iniciativa e ambición. Galiza adocece e ninguén semella quen de facer nada.

Así as cousas, desexo que ese cambio social que os antropólogos galegos levamos vinte anos estudiando aconteza dunha vez. E que sexa para ben, claro. Que axude a revitalizar os nosos costumes. E que favoreza a natalidade, aínda que favorecera tamén a ilexitimidade, como está a acontecer no norte de Europa. Total, nos tempos que corren, as mulleres traballamos e podemos manternos con máis ou menos folgura. Pois cambiemos as normas e teñamos fillos de solteiras. Non sería alleo á nosa cultura, e non é nada eticamente incorrecto si se fai con criterios morais. Ademais, mellorando o presente, señores oíntes, segue a haber poucos homes que valan en Galiza.

Dende logo, non fixen unha enquisa para poder afirmar este último aserto. Pero digo eu: algo terán que ver os homes coa baixa natalidade. Desexaría que este último punto fora obxecto dalgunha comunicación, nalgún congreso, nalgunha parte. Quizais entón se comezara a falar dun rexurdimento das taxas de natalidade mais baixas do mundo.

O que lle pasa ao noso agro é que non cre no futuro. O que lle pasa aos nosos labregos é que son demasiado vellos para reaccionar. O que lle pasa aos nosos xoves labregos é que son demasiado poucos. O que lle pasa as nosas mulleres rurais é que non desexan ser labregas porque, para seren libres, teñen que afastarse do epicentro do poder patriarcal. E así non hai maneira.

A Xunta de Galicia podería favorecer a natalidade subvencionando ás mulleres nadas no rural galego que teñan fillos de solteiras. Isto fíxose con bos resultados no norte de Europa. Duraría o que tivese que durar (eu non son quen de aventurar isto), e non debería ser incompatible coa realización dun traballo a tempo parcial, aínda que si cun traballo a tempo completo. Irían destinadas principalmente a mulleres nadas nun concello rural, aínda que vivan fora del. Quizais así, nas aldeas habería máis rapaces para xogar entre si e máis mozos para organizar as festas patronais. Ademais, esta subvención evitaría unha pequena parte dos abortos que se veñen producindo cada ano

¹¹ Na versión oral deste traballo, propuxen que o lema desta revolución podería ser “abaixo os caciques e arriba internet”.

en Galiza, motivados por circunstancias socioeconómicas temporais. Unha rapaza non tería que abortar por quedar embarazada dun home que non se fai cargo do fillo.

Remato xa, non sen responder, como boa galega, con outra pregunta. ¿Que están realmente a facer os nosos políticos para fomentar a natalidade en Galiza?

Gala González, Susana de la. “Nai e solteira na vida: a ilexitimidade no agro galego”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.